



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

PLAN ESTRATÉGICO PONTE (2020-2022)

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Identificación do Centro

Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Responsable	Carmen Fernández Morante
Enderezo	Rúa Profesor Vicente Fraiz Andón. Campus Vida. 15782 Santiago de Compostela (sede Campus Vida). Avda. Xoán XXIII, s/n. 15782 Santiago de Compostela (sede Campus Norte)
Correo electrónico	zedudeca@usc.es
Teléfono	+34881813879 (Campus Vida) +34881812031 (Campus Norte)

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación	Decembro 2020
Revisado por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	14/12/2020
Aprobado por	Xunta da Facultade de Ciencias da Educación	18/12/2020
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	03/03/2021

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. A FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN.....	5
2.1. Misión.....	7
2.2. Visión.....	7
2.3. Valores.....	7
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO.....	9
3.1. Debilidades.....	9
3.2. Ameazas.....	10
3.3. Fortalezas.....	11
3.4. Oportunidades.....	13
4. IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN.....	14
LIÑA ESTRATÉXICA 1. Calidade da docencia e desenvolvemento das ensinanzas.....	14
LIÑA ESTRATÉXICA 2. Desenvolvemento da ensinanza e apoio ao alumnado.....	15
LIÑA ESTRATÉXICA 3. Sistema de garantía de calidade.....	17
LIÑA ESTRATÉXICA 4. Recursos humanos e materiais.....	18

1. INTRODUCCIÓN

De acordo co proceso Pe-01 Planificación estratéxica do sistema de garantía da calidade da Universidade de Santiago de Compostela (USC) a nivel de centro, o Plan estratéxico é o documento onde quedan reflectidos os obxectivos de calidade dos centros aliñados coa política de calidade e os obxectivos xerais da USC.

Ditada a Resolución reitoral do 7 de outubro de 2020, respecto aos instrumentos de planificación estratéxica da USC de cara aos procesos relacionados cos sistemas de garantía de calidade dos centros, á vista do remate da vixencia do Plan estratéxico 2011-2020 e á demora na aprobación dun novo plan, cómpre facilitar a elaboración e aprobación dos plans estratéxicos ponte establecidos no apartado segundo da citada resolución.

Dado que o Plan estratéxico en vigor remata a súa vixencia neste ano 2020 e que as circunstancias de contexto aconsellan abordar a elaboración do novo plan, unha vez despexadas incertezas, como as derivadas do que determine o novo Plan de financiamento, as modificacións anunciadas en aspectos centrais do réxime xurídico do sistema universitario español e, obviamente, as consecuencias da COVID19 no plano social e no universitario, cómpre establecer un réxime transitorio para non impedir o desenvolvemento de plans estratéxicos de centro que dean cobertura á implantación das súas políticas de calidade.

A estes efectos, e dado que a USC ten aprobada unha programación plurianual con vixencia ata 2022, a cal foi validada tanto polos órganos colexiados de goberno (Claustro, como liñas xerais, e Consello de Goberno e Consello Social), ese instrumento pode ser útil para establecer o marco xeral no que os distintos centros poden encadrar as súas formulacións estratéxicas.

Nesta liña, a Facultade de Ciencias da Educación formula unha planificación estratéxica ponte que desenvolve as accións que o centro abordará ata 2022 para implementar, no seu ámbito de competencia, as liñas de actuación correspondentes aos eixes da Programación plurianual da USC. O Plan estratéxico ponte elabórase de acordo co procedemento P01-PE-01 Planificación estratéxica do sistema de garantía da calidade da USC, coas adaptacións derivadas da Guía para a elaboración de plans estratéxicos ponte remitida pola Vicerreitoría de Calidade, atendendo ás seguintes fases:

1. Analizar a situación do centro.
2. Definir as liñas estratéxicas.
3. Elaborar e aprobar a versión definitiva e difundir o plan estratéxico.

2. A FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Pola regulamentación do Real decreto do 30 de marzo de 1849, establecíanse escolas normais superiores nas capitais de distritos universitarios. Nacía, así, a Escola Normal Superior de Mestres da Universidade de Santiago de Compostela, antecedente da actual Facultade de Ciencias da Educación. Situouse no edificio do antigo colexio de San Xerome. A Escola Normal de Mestras creouse en Santiago, en virtude dunha Real orde do 6 de decembro de 1930. Pouco despois, coa chegada da Segunda República, facía a súa aparición o lembrado Plano profesional, en réxime de coeducación.

A partir de 1945, os centros pasaron a denominarse Escolas de Maxisterio, “López Ferreiro”, a de mestres, e “Isabel La Católica”, a de mestras. En 1964 tivo lugar a reunificación. Coa chegada da Lei xeral de educación (1970) produciuse a integración das escolas normais na universidade. Nacía, desta maneira, a Escola Universitaria de Formación do Profesorado de E.X.B. de Santiago de Compostela.

No curso 1973-74 recoñecíanse as ensinanzas de Filosofía e Ciencias da Educación na universidade compostelá. Pouco despois, en 1975, creábase a Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, na que se integraron as Seccións de Filosofía, Pedagogía e Psicoloxía. Da segregación da anterior Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación xurdiron novas facultades.

Polo Decreto 384/1996, do 17 de outubro (*DOG*, do 5 de novembro) a Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB no campus de Santiago suprimíase como tal e quedaba integrada na estrutura propia de nova Facultade de Ciencias da Educación. Continuou, porén, ata a actualidade a problemática da existencia de dous edificios distanciados: o do campus norte, onde se imparten os mestrados universitarios en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas e en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria, e o do campus sur, onde se imparten os graos en Pedagogía e en Educación Social e tres másteres oficiais máis.

Actualmente, na Facultade de Ciencias da Educación acóllense os seguintes títulos de grao:

1. Grao en Educación Social:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 385/2009 do 27 de agosto (*DOG* 16/09/09).
- Data de publicación no *BOE*: 5 de marzo de 2010 (Correc_err: 13 de xullo de 2010).

2. Grao en Pedagogía:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 385/2009 do 27 agosto (*DOG* 16/09/09).
- Data de publicación no *BOE*: 5 de marzo de 2010 (Correc_err: 13 de xullo de 2010).

3. Grao en Mestre/a de Educación Primaria:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 150/2010 do 16 de setembro (*DOG* 23/09/10). Correc_err: Decreto 245/2011 (*DOG* 3/1/2012).

- Data de publicación no *BOE*: 23 de marzo de 2015 (Mod. 19/12/2016).
4. Grao en Mestre/a de Educación Infantil:
- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 150/2010 do 16 de setembro (*DOG* 23/09/10). Correc_err: Decreto 245/2011 (*DOG* 3/1/2012).
 - Data de publicación no *BOE*: 23 de marzo de 2015 (Mod. 19/12/2016).
5. Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e en Mestre/a de Educación Primaria:
- Curso de implantación: 2017-2018.

Da mesma forma están adscritos como títulos oficiais os seguintes mestrados:

1. Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (dispoñible en seis especialidades distintas: Artes; Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática; Ciencias Sociais e Humanidades; Formación Profesional: Sector Servizos; Linguas e Literaturas; Orientación Educativa):
 - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 434/2009 do 3 de decembro (*DOG* 15/12/2009).
 - Data de publicación no *BOE*: 11 de xullo de 2011.
2. Mestrado Universitario en Igualdade, Xénero e Educación:
 - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: 4/06/2015 (*DOG* 17/10/2015).
 - Data de publicación no *BOE*: 18 de marzo de 2016.
3. Mestrado Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario:
 - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 434/2009 do 3 de decembro (*DOG* 15/12/2009).
 - Data de publicación no *BOE*: 24 de agosto de 2010.
4. Mestrado Universitario en Procesos de Formación:
 - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 434/2009 do 3 de decembro (*DOG* 15/12/2009).
 - Data de publicación no *BOE*: 24 de agosto de 2010.
5. Mestrado Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria:
 - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Orde do 13 de xuño de 2018 (*DOG* 29/06/2018).

- Data de publicación no *BOE*: 7 de setembro de 2018.

Na Facultade de Ciencias de Educación teñen a súa sede dous departamentos da USC: Didácticas Aplicadas e Pedagogía e Didáctica.

2.1. Misión

A Facultade de Ciencias da Educación é unha institución pública que quere distinguirse polo seu espírito innovador en docencia e investigación, así como polo seu ambiente de traballo estimulante e amable.

A misión da facultade é manter unha oferta docente atractiva, actualizada e de calidade no eido das Ciencias da Educación que sexa referente no contexto galego, do estado e internacional.

A facultade é a responsable da formación de todo tipo de profesionais da educación que desempeñan o seu traballo en centros educativos das distintas etapas curriculares e, tamén, postos de responsabilidade no sistema educativo ou en departamentos de educación ou formación de empresas e institucións.

2.2. Visión

Esta facultade pretende ofrecer unha oferta de títulos recoñecidos no contexto universitario e social no que se desenvolvan programas formativos que garantan unha formación integral dos profesionais da educación con impacto no ámbito social, laboral e no desenvolvemento da investigación científica.

Amais, a facultade pretende ser un lugar de encontro ao que os profesionais da educación regresen e no que compartan a súa experiencia co estudiantado e profesorado e onde a comunidade educativa converxa e achegue conxuntamente propostas para a mellora da formación, dos nosos servizos educativos especializados e da I+D+I en educación.

A Facultade de Ciencias da Educación é recoñecida como unha facultade de prestixio, academicamente solvente e con excelencia investigadora, ao servizo do desenvolvemento económico, social e cultural da sociedade galega, exemplar na xestión dos seus recursos e participada democraticamente polos membros da súa comunidade ao redor dun proxecto universitario compartido:

- Unha facultade, que destaca pola súa solvencia académica, cunha oferta atractiva, capaz de captar o mellor estudiantado, e por soster unha actividade investigadora innovadora, de excelencia e conectada coas demandas da nosa contorna para proxectarse como unha facultade de referencia.
- Unha facultade gobernada de xeito democrático e participativo ao redor dun proxecto universitario común que pon no seu centro o estudiantado para achegarlle unha formación científico-técnica e cívica de calidade e que dispón dun cadro de persoal altamente cualificado e motivado.

2.3. Valores

A Facultade de Ciencias da Educación desenvolve as súas funcións tendo en conta valores éticos como: o compromiso e responsabilidade social, o respecto á diversidade en todas as súas formas, a

equidade, a igualdade de xénero, o rigor académico e profesional, a transparencia, o pensamento crítico, a conciencia ambiental e a promoción da cultura e a lingua galega. Ademais, a facultade cumpre as súas funcións atendendo a estes outros valores:

- Lealdade coa institución, coherencia e honradez nas súas decisións académicas.
- Igualdade-horizontaldade. Todos os colectivos que integran o centro teñen un papel relevante na súa configuración (persoas, titulacións, departamentos e áreas, estruturas administrativas, organizacións estudiantís etc.).
- Pacto e consenso na toma de decisións que afecten a toda a comunidade educativa e/ou a unidades desta. Planificar, vertebrar intereses comúns e favorecer a proxección de todas e todos.
- Información e transparencia. Claridade e inmediatez para ser eficaces e conformar estratexias comúns.
- Estímulo e apoio ás iniciativas que xurdan desde o propio centro.
- Dedicación, actitude e tempo.
- Optimización dos procesos organizativos e procura de espazos para a reflexión compartida.
- Clara vontade de mellora e crecemento como grupo humano e comunidade académica.

Estes valores e principios concrétanse no compromiso institucional da Facultade de Ciencias da Educación:

- Coa preservación e a potenciación dos seus propios sinais de identidade.
- Co respecto aos dereitos de todas as persoas e, en particular, do seu estudiantado e das traballadoras e traballadores da facultade.
- Coa procura permanente da excelencia en todas as actividades universitarias.
- Coa transparencia, o rendemento de contas, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos.
- Cunha xestión baseada no diálogo, na participación, na confianza e na responsabilidade compartida.
- Co desenvolvemento sostible, a equidade e a supresión de todo tipo de discriminacións.
- Coa transferencia de coñecemento á sociedade como achega ao desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

A diagnose estratéxica pon de manifesto as debilidades, ameazas, forzas e oportunidades que permiten definir a situación actual do centro, tendo en conta a situación interna así como da súa contorna.

3.1. Debilidades

Relacionadas coa docencia e o desenvolvemento das ensinanzas
<ul style="list-style-type: none">– Envellecemento do Persoal Docente e Investigador (PDI) estable, fundamentalmente nos corpos docentes (Titular / Catedrático).– A falta de formación do PDI en competencias dixitais docentes para unha incorporación didáctica de tecnoloxías interactivas e emerxentes.– Baixa participación nas actividades de formación docente que debería incrementarse e ser extensiva a todo o PDI.– Necesidade de espazos e tempos para mellorar a coordinación docente e o traballo interdisciplinar e transdisciplinar, colaborativo.
Relacionadas co alumnado, desenvolvemento da ensinanza e apoio ao alumnado
<ul style="list-style-type: none">– Necesidade dun Plan de Acción Titorial (PAT) de centro e de cada titulación.– Necesidade de formación do alumnado en competencias dixitais para a aprendizaxe.– Necesidade do seguimento da persistencia ou abandono nas titulacións.– Escasa relación con empresas e institucións de forma sistemática e estruturada.– Escasa implicación/participación do alumnado nos procesos de toma de decisión, así como na planificación e desenvolvemento de actividades extracurriculares.– Escasa motivación do alumnado para desenvolver actividades que van máis alo do académico e busca de novas oportunidades de formación.– Estimulación das competencias clave (espírito crítico, creatividade, iniciativa persoal, capacidade de análise da realidade...).– Carencias importantes nas competencias lingüísticas a nivel oral e escrito.
Relacionadas co Sistema de Garantía de Calidade
<ul style="list-style-type: none">– Dificultade no seguimento da dinámica de realización de autoinformes de seguimento e acreditación polo elevada carga de traballo. Ademais, o número de títulos tamén incide nos procesos.– Carencia de tempo, por sobrecarga docente, para dedicalo a actividades vinculadas co proceso de calidade debido ao elevado número de títulos e multiplicación exponencial das funcións e tarefas docentes, de investigación e xestión.
Relacionadas cos recursos humanos e materiais
<ul style="list-style-type: none">– Envellecemento do PDI estable, fundamentalmente nos corpos docentes (Titular / Catedrático).– Necesidade de redefinir a figura de “Asociado” e introducir outras novas como a de “Profesorado vinculado” en educación para garantir a conexión cos centros educativos e a interacción teoría práctica.

3.2. Ameazas

Relacionadas coa docencia e desenvolvemento das ensinanzas

- Envellecemento do PDI estable, fundamentalmente nos corpos docentes (Titular / Catedrático).
- Elevadísima mobilidade docente pola súa condición interina e/ou precaria (asociados).
- Insuficiente cadro de PDI en relacións ás responsabilidades docentes, investigadoras, de extensión e transferencia e de xestión que ten asignado o centro.
- Graves déficits das infraestruturas (ríxidas, deterioradas, insuficientes) e dos recursos para a docencia e a investigación.
- Fragmentación do centro en dúas infraestruturas separadas e distantes o que incide na necesaria mobilidade do profesorado entre ambos edificios.
- Espazos para a docencia presencial inadecuados para algunhas titulacións.
- Falta de laboratorios e aulas especializadas (educación dixital, educación infantil, artes plásticas, diagnóstico pedagógico, linguas.....)
- Carencia de espazos para a convivencia entre o alumnado.
- Falta de espazos para os grupos de investigación e os investigadores en formación ou invitados.

Relacionadas co alumnado, desenvolvemento da ensinanza e o apoio ao alumnado

- Alto nivel de dependencia do alumnado para o desenvolvemento académico autónomo.
- Carencia de tempo, por sobrecarga docente, para unha atención personalizada ao alumnado.
- Ratios excesivas nas aulas para a exercitación das competencias profesionais dos títulos que impiden, polo tanto, un traballo competencial e personalizado, o traballo en grupo e a experimentación con recursos innovadores.
- Necesidade de obter datos de seguimento dos egresados.

Relacionadas co Sistema de Garantía de Calidade

- A visión da calidade non como un proceso, senón como un suceso.
- A busca da calidade vista como unha carga administrativa por parte do profesorado.
- A burocratización e a temporalización dos procesos.
- A actitude negativa do alumnado cara aos procesos de enquisa.
- A inadecuada resposta por parte do alumnado e do profesorado ante o sistema utilizado para a realización das enquisas de satisfacción coa docencia recibida e impartida respectivamente.
- A falta de recoñecemento das actividades de coordinación e xestión e calidade para o PDI que fai que estas responsabilidades non queiran ser asumidas (coordinacións de título, curso, recursos, mobilidade, ensino medio...).

Relacionadas cos recursos humanos e materiais

- Carencia de política de plantilla de profesorado especializado en ámbitos específicos e relevantes dos graos ofertados na facultade.
- Situación económica e cambios sociais que afectan aos recursos necesarios para o adecuado desenvolvemento de accións formativas dirixidas ao alumnado.
- Déficit de profesorado con prazas consolidadas, xa que existe unha gran mobilidade docente debido á condición de interinidade dunha numerosa parte do PDI e un elevado número de profesorado asociado. Esta cuestión dificulta o desenvolvemento dunha docencia regular e estable. Tamén incide no insuficiente cadro de PDI en relación ás responsabilidades docentes, investigadoras, de extensión e transferencia e de xestión que ten asignado o centro.
- Graves déficits das infraestruturas (rúxidas, deterioradas, insuficientes) e recursos para a docencia e a investigación.
- Espazos para a docencia presencial inadecuados para algunhas titulacións.
- Falta de laboratorios e aulas especializadas (educación dixital, educación infantil, artes plásticas, diagnóstico pedagóxico, linguas.....).
- Falta de espazos específicos dedicados á docencia-investigación no eido educativo (recreación de aulas, aulas de informática, espazos cooperativos...).
- Falta de conexión entre o alumnado de ambos campus debida á división das instalacións da facultade.
- Fragmentación do centro en dúas infraestructuras separadas e distantes.
- Carencia de espazos para a convivencia entre o alumnado.

Relacionadas co contexto

- Situación do mercado de traballo desfavorable que pode implicar certas dificultades na actualización dos títulos, na adaptación dos perfís ás necesidades do mundo do emprego.
- Falta de apoio por parte da universidade para o establecemento de redes de colaboración con empresas, entidades e institucións da contorna susceptibles de acoller graduados e graduadas nalgunha das titulacións da facultade.

3.3. Fortalezas

Relacionadas coa docencia e desenvolvemento das ensinanzas

- Prestixio social da USC e da Facultade de Ciencias da Educación.
- Interacción e dinamización activa da facultade co tecido sociocomunitario: colectivos, asociación culturais, as ONG, colexios profesionais...
- Boa disposición e compromiso do profesorado para implicarse en accións de mellora.
- Actitude aberta do profesorado na interacción co alumnado referente a todos os ámbitos de desenvolvemento académico, persoal e profesional.
- Profesorado preparado para a inclusión socioeducativa.
- Titulacións atractivas, con ampla demanda e con acceso a profesións reguladas.
- Oferta de titulacións exclusivas en Galicia.

- Calidade e variedade da oferta formativa (gran variedade de graos e dobres titulacións) que se acompaña cunha notable diversidade no referido ás especializacións en forma de mestrado e posgrao.
- Existencia de servizos especializados para o apoio da docencia e investigación: servizo de recursos psicopedagóxicos.
- Grupos de investigación con ampla traxectoria, experiencia e experticia.
- Captación de recursos constante e elevada nas convocatorias de investigación e mediante convenios.

Relacionadas co alumnado, desenvolvemento da ensinanza e o apoio ao alumnado

- Alto nivel de demanda das titulacións da facultade. Incremento progresivo das notas medias de acceso.
- Existencia de canles dinámicas e flexibles de comunicación entre o alumnado e o profesorado.
- Alta atención á diversidade e inclusión nas súas múltiples dimensións e formas (xénero, orientacións sexuais, diferenzas económicas, culturais, de capacidade...).
- Facilitade de acceso ás persoas responsables na facultade para abordar temas académicos e/ou organizativos.
- Existencia da figura de delegado/a estudiantil por curso e/ou titulación.
- Compromiso do estudiantado na toma de iniciativa para promover e xestionar diferentes actividades académicas, sociais e culturais.
- Existencia de dinámicas estables e órganos de traballo académico que permiten a coordinación entre titulacións e Decanato do centro.

Relacionadas co Sistema de Garantía de Calidade

- Un equipo de traballo, formado polas coordinacións dos títulos, cohesionado.
- A experiencia das persoas que coordinan titulacións.
- A creación da figura de coordinador/a de calidade.
- A participación e implicación do profesorado concernido no proceso.

Relacionadas cos recursos humanos e materiais

- Medios tecnolóxicos xestionados polo centro que facilitan a comunicación e a optimización dos tempos.
- Accesibilidade ao centro e ás súas instalacións a persoas con dificultades asociadas á mobilidade.
- Cadro de profesoras e profesores cualificado, cunha elevada porcentaxe de doutoras e doutores e unha valoración positiva da actividade docente por parte do alumnado.
- Existencia de varios grupos de investigación no centro plenamente consolidados e situados a nivel nacional e internacional.
- Existencia de servizos especializados para o apoio da docencia e investigación: servizo de recursos psicopedagóxicos e unidades especializadas.
- Existencia de bibliotecas con acceso aberto aos fondos e postos de traballo.

- Espazos abertos para o traballo en grupo e aulas de estudo.

3.4. Oportunidades

Relacionadas coa docencia e desenvolvemento das ensinanzas

- Potenciación da transferencia de coñecemento ao contexto social.
- Mellora da relación co contexto profesional a través dos convenios de prácticas e metodoloxías pedagóxicas como a aprendizaxe-servizo ou o traballo por proxectos.
- Busca de estratexias de colaboración para o fomento ou creación de redes de docencia
- Fomento da creación de grupos de innovación docente.
- Interese crecente na sociedade pola formación ao longo da vida.

Relacionadas co alumnado, desenvolvemento da ensinanza e o apoio ao alumnado

- Participación no programa "A Ponte do Ensino Medio" co uso de novas estratexias de comunicación (videoconferencias).
- Ampliación de convenios con universidades internacionais que, doutra banda, pode traducirse nunha crecente afluencia de estudantado estranxeiro a partir de novos convenios.
- Ampliación de convenios e acordos con outras administracións públicas, empresas, entidades, fundacións... para mellorar a oferta de prácticas e a especialización nos distintos ámbitos de inserción profesional.

Relacionadas co Sistema de Garantía de Calidade

- Incrementar as sinerxías de colaboración coa Área de Calidade da USC.
- Iniciar o proceso para a acreditación institucional do centro.

Relacionadas cos recursos humanos e materiais

- Posibilidade, ante a reforma da profesión docente anunciada, de redefinir e mellorar a figura de profesorado asociado en educación e introducir novas figuras coma a de profesor/a vinculado/a en educación, para garantir a conexión cos centros educativos e a interacción teoría practica.
- Presenza no centro de grupos de investigación que constitúen un referente no ámbito educativo e que poden servir de eixe para o deseño e establecemento de distintos proxectos de colaboración entre facultade e outras institucións.
- Apoio á planificación de PDI.

4. IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

En base ao mantemento das forzas, a corrección das debilidades, a explotación das oportunidades e o afrontamento das ameazas analizadas, este Plan estratéxico ponte da Facultade de Ciencias da Educación artúclase ao redor de 4 grandes liñas estratéxicas dentro das cales se establecerán os correspondentes obxectivos para o seu adecuado desenvolvemento:

LIÑAS ESTRATÉXICAS
1. Calidade da docencia e desenvolvemento das ensinanzas (vinculado PC-02 ¹ : Planificación das ensinanzas e PC-04: Desenvolvemento das ensinanzas).
2. Desenvolvemento da ensinanza e apoio ao alumnado (vinculado PC-03: Apoio a ao estudantado).
3. Sistema de garantía de calidade (vinculado PC-05: Análise de resultados e mellora dos programas).
4. Recursos humanos e materiais (vinculado PS-01: Xestión de recursos humanos e PS-02: Xestión de recursos materiais e servizos).

LIÑA ESTRATÉXICA 1. Calidade da docencia e desenvolvemento das ensinanzas
PROCESOS DO SGIC (Sistema de Garantía Interno de Calidade) RELACIONADOS:
PC-02 Planificación das ensinanzas. PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas.
Obxectivos estratéxicos
1.1. Dotar progresivamente o cadro de PDI con prazas estruturais e adecuación da capacidade docente e investigadora. 1.2. Mellorar a formación do PDI en competencias dixitais docentes. 1.3. Coordinar o traballo docente.
Obxectivo estratéxico 1.1. Dotar progresivamente o cadro de PDI con prazas estruturais e adecuación da capacidade docente e investigadora
Accións estratéxicas: A. Demandar un cadro de PDI suficiente e estable para adecuar a capacidade docente das áreas ao encargo formativo. B. Recoñecer de forma efectiva a dedicación do profesorado a actividades de dirección de TFG e TFM, titorización de Prácticum, dirección, coordinación, avaliación e mellora da docencia. Solicitar ao órgano competente este recoñecemento. C. Esixir a definición e regulamentación de criterios de asignación docente que favorezan a estabilidade e a especialización do PDI máis novo e permitan ter profesorado especializado en todos os campos das Ciencias da Educación.
Obxectivo estratéxico 1.2. Mellorar a formación do PDI en competencias dixitais docentes
Accións estratéxicas: A. Ofertar accións formativas de centro que permitan a adquisición de competencias dixitais docentes.

¹ Manual de procesos da facultade (aprobado en Xunta de Facultade 29/07/2020)

- B. Trasladar ao Programa de Formación e Innovación Docente da Universidade as necesidades formativas do profesorado do centro.
- C. Organizar, en colaboración co Programa de Formación e Innovación Docente, actividades a medida para o profesorado do centro.
- D. Promover o intercambio de experiencias de innovación docente do profesorado do centro mediante a organización de reunións e seminarios.
- E. Fomentar a flexibilización de procesos de ensino-aprendizaxe, en concreto, virtuais e presenciais, a coordinación docente e a xestión da docencia.
- F. Mellorar a dotación das aulas e espazos do centro.

Obxectivo estratéxico 1.3. Coordinar do traballo docente

Accións estratéxicas:

- A. Sistematizar procesos de coordinación docente.
- B. Instar aos órganos con competencias a que recoñezan as tarefas de coordinación.
- C. Promover dende as coordinacións das titulacións accións dirixidas a mellorar a coordinación da docencia: interdisciplinabilidade e transdisciplinabilidade.

LIÑA ESTRATÉXICA 2. Desenvolvemento da ensinanza e apoio ao alumnado

PROCESOS DO SGIC RELACIONADOS:

PC-03 Apoio ao estudantado

Obxectivos estratéxicos

- 2.1. Dotar de recursos para a orientación ao alumnado antes, ao inicio, durante e ao final da formación universitaria.
- 2.2. Fomentar o incremento da participación en programas de mobilidade.
- 2.3. Motivar a implicación do alumnado para asumir funcións de participación na organización da clase (delegado/a, recoñecemento).
- 2.4. Potenciar a implicación do alumnado en actividades extracurriculares.
- 2.5. Actualizar os plans de estudo e reforzar o desenvolvemento das competencias clave do alumnado.
- 2.6. Mellorar a formación do alumnado en competencias dixitais para a aprendizaxe.

Obxectivo estratéxico 2.1. Dotar de recursos para a orientación ao alumnado antes, ó inicio, durante e ó final da formación universitaria

Accións estratéxicas:

- A. Manter a colaboración co programa “A Ponte” (ou outras iniciativas institucionais), incorporando ferramentas tecnolóxicas que faciliten a comunicación co potencial alumnado. Recoñecemento desta tarefa ao persoal docente implicado.
- B. Reforzar as modalidades e a actividade de acollida e orientación para o alumnado de novo ingreso. Flexibilización de calendarios para darlle entrada.
- C. Realizar actividades de seguimento do alumnado de novo ingreso durante o curso académico.

<p>D. Organizar actividades con diferentes profesionais que visualicen as posibilidades de inserción laboral das/os nosas/os tituladas/os.</p> <p>E. Implementar o PAT do centro. Prever e solicitar recursos para facelo viable.</p>
<p>Obxectivo Estratéxico 2.2. Motivación á participación en programas de mobilidade</p>
<p>Accións estratéxicas:</p> <p>A. Manter as accións de información sobre os diferentes programas de mobilidade.</p> <p>B. Fomentar as reunións informativas sobre os programas de mobilidade.</p> <p>C. Xerar encontros a nivel da facultade para compartir experiencias de mobilidade académica entre o alumnado.</p>
<p>Obxectivo Estratéxico 2.3. Motivar a implicación do alumnado para asumir funcións de participación na organización da clase (delegado/a)</p>
<p>Accións estratéxicas:</p> <p>A. Realizar charlas co alumnado dos diferentes cursos para motivar a presentación de candidaturas a delegada/o.</p> <p>B. Promover o Consello de Estudantes en todas as titulacións como órgano de participación activa do estudantado na titulación e no centro.</p>
<p>Obxectivo Estratéxico 2.4. Motivar a implicación do alumnado en actividades extracurriculares</p>
<p>Accións estratéxicas:</p> <p>A. Implicar o alumnado no deseño de actividades extracurriculares vinculando esas actividades a unha materia específica e recoñecer ese traballo.</p> <p>B. Difundir información relacionada coas actividades extracurriculares a través das/os delegadas/os de curso.</p> <p>C. Recoñecer a participación do alumnado en actividades extracurriculares.</p>
<p>Obxectivo Estratéxico 2.5. Actualizar os plans de estudo e reforzar o desenvolvemento das competencias clave do alumnado</p>
<p>Accións estratéxicas:</p> <p>A. Revisar e actualizar os perfis e marcos competenciais dos profesionais da educación que se forman nos catro graos.</p> <p>B. Definir as necesidades formativas emerxentes e/ou non abordadas nos plans de estudo que se derivan da realidade actual, o exercicio profesional e do avance do coñecemento educativo.</p> <p>C. Analizar e avaliar a estrutura dos títulos, os programas das materias, as metodoloxías e ensino e o seu aliñamento/contribución ao desenvolvemento das competencias profesionais de cada título.</p> <p>D. Formular propostas de mellora e actualización dos títulos.</p>
<p>Obxectivo Estratéxico 2.6. Mellorar a formación do alumnado en competencias dixitais para a aprendizaxe</p>
<p>Accións estratéxicas:</p>

- A. Organizar actividades formativas para mellorar o uso das ferramentas virtuais institucionais para o ensino-aprendizaxe.
- B. Colaborar cos diferentes servizos e unidades da USC para mellorar o acceso ao coñecemento e ás ferramentas informáticas.
- C. Motivar a participación do alumnado nas actividades formativas en competencias dixitais organizadas pola biblioteca ou por calquera outro servizo da USC.

LIÑA ESTRATÉXICA 3. Sistema de garantía de calidade

PROCESOS DO SGIC RELACIONADOS:

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Obxectivos estratéxicos

- 3.1. Fomentar a cultura de calidade no centro.
- 3.2. Lograr a acreditación institucional do centro.
- 3.3. Elaborar e manter o rexistro de documentos do SGIC.

Obxectivo estratéxico 3.1. Fomentar a cultura de calidade no Centro

Accións estratéxicas:

- A. Realizar diferentes actividades (cursos, charlas etc.) para mellorar o coñecemento do SGIC (procesos, procedementos e normativa) entre o PDI, Persoal de Administración e Servizos (PAS) e alumnado do centro.
- B. Revisar o SGIC de forma participativa poñendo en común as evidencias de cada titulación e compartindo boas prácticas para que, de ser o caso, poidan estenderse.
- C. Motivar o traballo colaborativo entre as titulacións e a coordinación de calidade do centro.
- D. Colaborar coa Área de Calidade na aplicación dos instrumentos de avaliación da actividade docente do profesorado.
- E. Analizar os resultados dos instrumentos de avaliación dos órganos competentes.
- F. Construír un espazo virtual para traballar de forma colaborativa a calidade do centro.

Obxectivo Estratéxico 3.2. Lograr da acreditación institucional do Centro

Accións estratéxicas:

- A. Crear unha comisión específica para o traballo na acreditación institucional.
- B. Diseñar o proceso para a consecución da acreditación institucional.

Obxectivo Estratéxico 3.3. Elaborar e manter o rexistro de documentos do SGIC

Accións estratéxicas:

- A. Reunir documentos con evidencias e indicadores dos procesos do SGIC.
- B. Elaborar unha listaxe dos documentos, organizado por procesos.
- C. Xestionar a información en espazos virtuais colaborativos: coordinación de calidade do centro e coordinación de titulacións; coordinación de titulacións e coordinación de profesorado e alumnado de titulación; coordinacións de curso e profesorado e alumnado de curso.

LIÑA ESTRATÉXICA 4. Recursos humanos e materiais

PROCESOS DO SGIC RELACIONADOS:

PS-01 Xestión de recursos humanos e PS-02 Xestión de recursos materiais e servizos

Obxectivos estratéxicos

- 4.1. Demandar espazos e recursos didáctico-académicos axeitados para a docencia e para o traballo do PDI e PAS.
- 4.2. Realizar actividades de mantemento e reparación de instalacións e mobiliario.
- 4.3. Dotar e manter equipamentos flexibles e materiais docentes nas aulas: equipos informáticos, espazos para a innovación e laboratorios (tecnoloxías educativas, artes plásticas, música, física, linguas, experimentais....).
- 4.4. Manter os espazos para a convivencia e traballo en grupo do alumnado.

Obxectivo estratéxico 4.1. Demandar espazos e recursos didácticos adecuados para a docencia e para o traballo do PDI e PAS

Accións estratéxicas:

- A. Identificar as necesidades e facer planificacións plurianuais. Precísase unha estabilidade orzamentaria.
- B. Esixir espazos adecuados para a configuración de laboratorios e aulas flexibles inexistentes e fundamentais para o ensino nos diferentes títulos na liña do definido no proxecto de reforma do edificio da facultade feito no ano 2020.
- C. Solicitar axudas centralizadas para mellorar os espazos.

Obxectivo Estratéxico 4.2. Realizar actividades de mantemento e reparación de instalacións e mobiliario

Accións estratéxicas:

- A. Identificar as necesidades e facer planificacións plurianuais. Precísase unha estabilidade orzamentaria.
- B. Actualizar os equipamentos de laboratorios e aulas cara á conformación de espazos flexibles, inexistentes e fundamentais, para o ensino nos diferentes títulos na liña do definido no proxecto de reforma do edificio da facultade feito en 2020.
- C. Solicitar axudas centralizadas para mellorar o mobiliario e recursos didácticos.
- D. Xestionar o mantemento das infraestruturas físicas e tecnolóxicas da facultade, de maneira permanente.
- E. Manter o impulso da reformulación do proxecto de construción do novo edificio para a facultade de acordo coas novas necesidades.

Obxectivo Estratéxico 4.3. Dotar e manter equipamentos flexibles e materiais docentes nas aulas: equipos informáticos, espazos para a innovación e laboratorios (tecnoloxías educativas, artes plásticas, música, física, linguas, experimentais....)

Accións estratéxicas:

- A. Identificar as necesidades e facer planificacións plurianuais. Precísase unha estabilidade orzamentaria.

- B. Solicitar axudas centralizadas e maior dotación na partida descentralizada para mellorar os equipos e laboratorios do centro.
- C. Incrementar espazos para a configuración de laboratorios e aulas flexibles inexistentes e fundamentais para o ensino nos diferentes títulos na liña do definido no proxecto de reforma do edificio da facultade feito no ano 2020.

Obxectivo Estratéxico 4.4. Manter os espazos para a convivencia e traballo en grupo do alumnado

Accións estratéxicas:

- A. Identificar as necesidades e facer planificacións plurianuais. Precísase unha estabilidade orzamentaria.
- B. Solicitar axudas centralizadas e maior dotación na partida descentralizada para mellorar os espazos.
- C. Incrementar espazos, acaídos co volume de alumnado do centro, para a convivencia e o traballo en grupo fundamentais para o ensino nos diferentes títulos, na liña do definido no proxecto de reforma do edificio da facultade feito no ano 2020.
- D. Acondicionar a infraestrutura física e tecnolóxica en áreas prioritarias para o desenvolvemento e humanización do espazo público, na liña do definido no proxecto de reforma do edificio da Facultade feito no ano 2020.